Concello da Coruña

# GUÍA PRÁCTICA PARA A SOLICITUDE DOS ESPAZOS TEU

Acceder ao sistema de cita previa do Concello da Coruña a través dedo seguinte enlace: https://citaprevia.coruna.gal/citaprevia/?idCliente=3

**É imprescindible dispoñer dunha conta de correo electrónico para poder completar o proceso de solicitude de reserva dun TEU.**




Abrir o despregable ***Oficina*** e seleccionar o espazo TEU para o que se desexa realizar a solicitude de reserva.




Posteriormente, abrir o despregable ***Trámite*** para seleccionar a única opción dispoñible, denominada ***Reserva de espazo***, e continuar o proceso.




Seleccionar no calendario o día que se quere solicitar. Poderase elixir entre as datas libres, identificadas por estar coloreadas en **azul claro.**

As datas que xa están reservadas veranse en cor gris claro e o sistema non permitirá seleccionalas.

O calendario únicamente dará opción a reservar días libres (que non teñan unha reserva previa) e que estén incluidos dentro do prazo que se recolle na normativa dos TEUS: **15 días de antelación á data que se quera reservar e un máximo de dous meses posteriores a esta mesma data.**

Unha vez marcada a data elixida no calendario, o recadro aparecerá en **cor laranxa** e pódese continuar co proceso de solicitude.




O paso seguinte require completar un formulario cos datos da persoa solicitante. É preciso comprobar que a ***Oficina*** que aparece na parte superior do formulario se corresponde co TEU solicitado. No apartado da hora, por defecto, sempre aparecerá as 9:00 h., ainda que a solicitude de reserva é para ó seleccionado completo no horario establecido na normativa: de 9:00 a 22:00 h.

No apartado ***Comentarios*** será necesario indicar:

1) A **actividade** que se vai levar a cabo (aniversario, reunión familiar, actividade formativa, etc.)

2) O **número** de persoas asistentes.

Calquera outra información de relevancia (elementos de decoración, necesidades especiais, etc.)

No caso de que a persoa solicitante esté solicitando a reserva **en nome dunha asociación o colectivo**, deberá indicarlo neste mesmo apartado.



Concello da Coruña

Solicitude de cita previa

1. Elección de trámite | 2. Data e hora da cita | 3. Datos persoais | 4. Cita previa

A continuación facilitamoslle a información da súa cita. Se o desexa, pode imprimir este resgardo. Enviarémoslle unha copia ao seu enderezo electrónico.

Imprimir este resgardo

Concello da Coruña

Data e hora de operación 09/04/2025 13:27:14

Xustificante da Cita Previa

Código de cita (localizador): L3N
Oficina: ESPAZO TEU - AZAHAR
Trámite seleccionado: Reserva de espacio
Data e hora: 12/05/2025 09:00 h
Enderezo: rúa Azahar, nos baixos do Bloque 48

Instrucións adicionais: Se a súa cita é telefónica, será atendida telefonicamente. Se a súa cita é presencial, por favor, acuda ao lugar, data e hora indicados. Se a súa cita é por videochamada será atendida por videoconferencia. Terá máis información no correo electrónico de confirmación.

Volver ao inicio

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Unha vez completado o formulario finalízase o proceso e aparecerá o xustificante de ter realizada a solicitude, cun número **localizador**. É preciso comprobar que os datos da solicitude de reserva sexan correctos:

***Oficina***: Espazo TEU que se desexa reservar.
***Trámite seleccionado***: Reserva de espacio.
***Data e hora:*** Data que se desexa reservar, 9:00 h.
***Enderezo***: Ubicación do TEU que se desexa reservar.

**IMPORTANTE: Non ter en conta o texto que aparecerá na parte inferior posto que non se refire á solicitude de reserva dos TEUs, senon a outros procedementos municipais.**



Concello da Coruña

Xustificante de Cita Previa

Data e hora da cita: 2025/05/12 - 09:00

Código localizador da cita: L3N

Oficina:
ESPAZO TEU - AZAHAR

Trámite seleccionado:
Reserva de espacio

Enderezo da Oficina:
rúa Azahar, nos baixos do Bloque 48

Instruccións adicionais (Excepto Espazos TEU):

Acuda á súa cita na data e hora arriba indicadas. Non esqueza levar a documentación necesaria.
Ademais, ao acudir á súa cita lembre:
- Acudir á hora da súa cita (nin antes nin despois). Así evitaranse aglomeracións de persoas no exterior.
- Se non pode acudir á cita, non se esqueza de anulala, con esta acción cívica contribúe a mellorar o servizo público.

Por último, enviarase ao correo electrónico indicado o xustificante de ter presentada a solicitude.

Igualmente, é importante **non ter en conta o texto que aparecerá na parte inferior "Instruccións adicionais" posto que non se refire á solicitude de reserva dos TEUs, senon a outros procedementos municipais.**

Neste correo electrónico aparecerán na parte final os enlaces a través dos cales pódese **modificar ou anular unha solicitude de reserva**, utilizando o código localizador:




**MOI IMPORTANTE:**

**A confirmación da reserva do día solicitado non será efectiva ata a recepción do documento que acredita a autorización de uso a través do correo electrónico.**

**O xustificante da solicitude de reserva en ningún caso supone una autorización de uso.**

**PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO DE AUTORIZACIÓN**

Unha vez rematado o proceso de solicitude de reserva a través do sistema de cita previa, a petición se recibe no servizo de Participación Cidadá, que verificará o cumprimento dos requisitos recollidos na normativa para autorizar o uso do espazo TEU solicitado:

- Que a persoa solicitante sexa maior de idade.
- Que a persoa solicitante esté empadronada na Coruña.
- Que, no caso de de tratarse dunha asociación, esté inscrita no REMAC.
- Que non teña superado o límite de uso de 12 días al año no TEU solicitado.
- Que a actividade a levar a cabo non sexa contraria á normativa de uso dos TEUs.

Realizadas as comprobacións, tramitarase a correspondente autorización, suxeita ás condicións de uso recollidas na normativa. O documento da autorización enviarase por correo electrónico á persoa solicitante xunto coas condicións de uso e as instrucións de recollida e devolución das chaves.